

RODRÍGUEZ FER, Claudio (2022): *Nova York, Novos Poemas / New York, New Poems*. Sofía: Small Stations Press, 119 pp.

Claudio Rodríguez Fer, autor de *A cabeleira*, traducida, polo momento, a 65 linguas (https://www.acabeleira.com/a_cabeleira_multilingue.html), acaba de publicar *Nova York, Novos poemas / New York, New Poems*, un poemario bilingüe en galego e en inglés que recompila algúns dos poemas, escritos ó longo dunha trintena de anos, nos que a cidade neiorquina é un dos elementos principais. Este é un motivo recorrente na produción poética do autor, quen estivo por primeira vez na urbe no ano 1992, mentres traballaba como profesor visitante na Cátedra Galega do Graduate Center da City University of New York, e, máis tarde, serían múltiples as ocasións nas que volvería á cidade marco dos poemas que conforman o libro.

Neste volume inclúense: *Na procura do tapiz vermello (Díptico de The Cloisters, New York, 1992)*, *O rapto de Europa, Mannahatta* e *Revolución rosaliana en Nova York*. Os poemas foron traducidos ó inglés por Clifford Irizarry e Diana Conchado, quen escribe o limiar (con tradución ó galego de Adina Ioana Vladu). Cabe ponderar o excelente labor dos tradutores, así como destacar o carácter inédito das traducións ó inglés de *O rapto de Europa* e *Mannahatta*. No caso de *Revolución rosaliana en Nova York*, pese a ter sido traducido no ano 2014 por Kathleen March, aquí inclúese a dos tradutores do resto de poesías, o que lle outorga unha maior coherencia e integración ó poema co resto do conxunto compositivo.

No limiar, titulado “Grazing on Signs: The Urban Ecology of Claudio Rodríguez Fer’s New York” / “A pacer nos signos: a ecoloxía urbana da Nova York de Claudio Rodríguez Fer”, Diana Conchado expón unha exhaustiva análise temática e estilística dos poemas seleccionados. Son abundantes as ocasións nas que a autora exemplifica o que afirma cos versos do autor. Non obstante, a idea central é a da presenza do pensamento ecolóxico, enunciado por Timothy Morton e entendido como a

conexión dos seres humanos con outros seres, nos poemas que compoñen este volume.

Nesta liña de pensamento ecolóxico, *Na procura do tapiz vermello* suporía unha maior conexión da amada coa arquitectura dos claustros; mentres que en *Mannahatta* a conexión prodúcese eminentemente cos animais, inda que no primeiro e no derradeiro poema se retome a relación muller-paisaxe urbanística. Porén, en *O rapto de Europa*, incluído entre as dúas anteriores, non é tan facilmente apreciable a presenza do pensamento ecolóxico. Estes poemas suporían, quizais, unha illa neste conxunto neiorquino que conectaría, máis que coa urbe moderna, co tradicional indíxena. *Revolución rosaliana en Nova York* fecha o volume como cumio do pensamento trazado por Conchado cun chamamento á natureza: “Ou pola muller na beira da baía lendo estranxeira na súa patria e proclamando cos brazos abertos a todos os animais do mundo sen distinción de especie / a revolución rosaliana!”

Por un lado, *Na procura do tapiz vermello (Díptico de The Cloisters, New York, 1992)* está acompañado pola imaxe do Guggenheim Museum, fotografía que, como as restantes incluídas ó longo do libro, foi tomada polo propio Claudio Rodríguez Fer nunha das súas estancias na urbe neiorquina. Nesta ocasión, hai once estrofas divididas en tres partes; a segunda delas, composta unicamente pola sexta estrofa, actúa de palmela entre as dúas restantes e outorga unha sensación de avance cara ó cumio do intimismo.

Por outra banda, os dous poemas de *O rapto de Europa* son precedidos pola imaxe do Equitable Building. Nestas composicións chama a atención o emprego de palabras alleas ó galego e de orixe diversa. No caso de “Indíxena palta” hai voces cuxa orixe está no quechua como, por exemplo, *palta* (aguacate) e *porotos* (fabas), ou mesmo no guaraní, como *pororó*

(‘palomitas’ de millo). No caso de “Silva silvae”, cuxo título é chave dende un primeiro momento, inclúense vocábulos máis sorprendentes e con orixe no latín, como *lábaro* (insignia) ou *búcaro* (vasilla). Asemade, remítese ó esperanto con mención explícita dende o primeiro verso da composición e, de maneira práctica, na terceira estrofa con *aminta amanta amonta*.

Pola súa parte, *Mannahatta*, dedicado a Diana Conchado e con palabras de Emily Dickinson a modo de epígrafe, é a sección máis extensa e na que a cada poema a precede unha simbólica imaxe dun rañaceo distinto da cidade de Nova York. Así, “Kiki Mannahatta” ilústrase co Chrysler Building; “A Femia que foi Flor”, co Empire State Building; “A Fada da Caracola”, co United Nations Secretariat Building; “Anémona Mater”, co Flatiron Building; “A Dama das Arañas”, co Grace Building; “Dakota Racoon”, co Grand Central Terminal and MetLife Building; e “Amarilis Indiana”, co One World Trade Center (que é o rañaceo máis alto de Nova York). Estas fotografías son acompañadas, de forma gráfica, pola alternancia de maiúsculas e de minúsculas ó longo dos sete poemas, o que reflicte a presenza e a importancia dos emblemáticos edificios da cidade nesta poesía.

Ademais, todos os poemas de *Mannahatta* teñen un forte “carácter surrealista”, en palabras de Diana Conchado. Con todo, pódese considerar que este surrealismo xa estaba latente noutras composicións, como *Na procura do tapiz vermello*, a través de imaxes como “galopando no unicornio”. Asemade, estes sete poemas en prosa constitúen a expresión máis clara do pensamento ecolóxico de Morton trazado por Diana Conchado no limiar. Así pois, en “Kiki Mannahatta” a interacción establécese arredor da paisaxe urbanística; no caso de “A Femia que foi Flor” a conexión principal é entre a muller e a flor, como apunta o propio título; en “A Fada da Caracola”, como indica o título unha vez máis, a relación é entre a femia e os elementos mariños; en “Anémona Mater”, entre a muller e as anémonas, pero tamén son de gran peso os minerais e outros elementos, como os alimentos e os animais; en “A Dama das Arañas” a conexión, expresada novamente no título, é entre a muller e a araña; en “Dakota Racoon” a muller relaciónase con distintos animais, dende insectos a mamíferos; e, finalmente, en “Amarilis Indiana” a relación volve a ser coa arquitectura urbanística. Que o primeiro e o derradeiro poema plasmen unha conexión

similar coa paisaxe neoiorquina achega un trazo circular a *Mannahatta*. Amais, os poemas non só están atravesados transversalmente pola temática, senón que neles (agás en “A Dama das Arañas” e “Amarilis Indiana”) pode acharse a palabra *esquío* (peludo roedor omnipresente nos parques neoiorquinos), o que confire unha sensación de continuidade ó conxunto. Así mesmo, este animal serve para conectar os poemas de *Mannahatta* con outros do poemario, como “Índixena palta” de *O rapto de Europa*. Esta relación entre as distintas seccións do libro volve producirse co *esperanto*, que aparece no poema “Amarilis Indiana” de *Mannahatta*, pero tamén en “Silva Silvae” de *O rapto de Europa* e *Revolución rosaliana en Nova York*, como se comentará a continuación.

Revolución rosaliana en Nova York pon fin á sección e á selección de poemas presentes neste libro. Como epígrafe emprégase o canto popular galego glosado por Rosalía de Castro e que o autor glosa á súa vez. A derradeira imaxe, que ilustra este poema, é a do Lipstick Building, preto do que o autor captou unha pomba, coincidencia que reforza a idea do pensamento ecolóxico trazado por Diana Conchado. O poema en versículos de Claudio Rodríguez Fer conta co refrán “revolución rosaliana”, que se converte nun berro de loita. Neste canto ós exiliados e emigrantes galegos en Nova York son mencionados, ademais de Rosalía de Castro e Castelao, o esperantista Floreal Conchado, Emilio González López e María Docampo, esta como vítima de violencia de xénero. O final do poema inclúese o vocabulario *Galenglish* compilado por Castelao no seu paso por Nova York e utilizado no poema.

Tras isto inclúese unha creación visual, *The Adventures of Skyscrapers*, formada a partir dunha fotografía en branco e negro da paisaxe neoiorquina, chea de rañaceos, que o autor puido ver dende o edificio Grace Building onde impartía clases. A esta imaxe superpóñense catro fotografías da nenez do autor. Así, na parte central atópanse dous cativos con traxe folclórico tradicional, mentres que na parte superior, aparece unha cometa coa cara dun neno máis pequeno que sae da parte máis alta do Empire State Building, sobre cuxo fio conectado co Chrysler Building se atopa unha nova criatura equilibrista.

Para rematar, o autor actualiza o “Cuestionario Proust” que xa respondera no número 21 de *Evohé. Revista cultural do Campus de Lugo* no ano 2010. A tradución ó inglés do cuestionario, continuando coa harmonía de edición

bilingüe do volume, é de Jonathan Dunne. Do cuestionario destaca o aprecio, non só poético, do autor polo multiculturalismo de Nova York, así como a mención de Sara Lamas como unha das súas pintoras favoritas, quen é precisamente a creadora do retrato do autor que ilustra a portada de *New York, New Poems*.

Laura Paz Fentanes
Universidade de Santiago de Compostela
laura.paz.fentanes@rai.usc.es